



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **21 de xullo de 2017** adoptou o seguinte acordo:

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS DESPRAZAMENTOS ESCOLARES DENTRO DO PROGRAMA "VIGO EDUCA". EXPTE. 18628/332.

Visto o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 20/07/17, da secretaria da Mesa de Contratación:

"A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 19 de xullo de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade "Vigo Educa" (18.628-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade "Vigo Educa" (18.628-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 21/07/2017 12:29

Páxina 1 de 4

Expediente 18628/332

Código de verificación: 28E34-5432B-3CEA4-A2A3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
Empresa Estévez Avión, S.L.	92,65
Autos González, S.L.	92,38
Viajes Melytour, S.L.	91,46
UTE Vda. Domínguez S.L. - Transportes La Unión, S.A. - Autoindustrial, S.L. - Castromil, S.A.	83,53
Autocares La Florida, S.A.	74,93
Empresa Raúl, S.A.	32,21

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.090,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., o día 30 de xuño de 2017, que presenta a documentación requirida os días 13 e 14 de xullo, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 19 de xullo de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 21/07/2017 12:29

Páxina 2 de 4

Expediente 18628/332

Código de verificación: 28E34-5432B-3CEA4-A2A3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 14 de xuño de 2017 e 21 de xuño de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., o procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 153.780,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.980,00 euros.
- b) Sendo o prezo unitario de 77,46 euros por cada viaxe ou desprazamento escolar (ida e volta).



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 21/07/2017 12:29

Páxina 3 de 4

Expediente 18628/332

Código de verificación: 28E34-5432B-3CEA4-A2A3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/rs

V. e Pr.

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 21/07/2017 12:29

Páxina 4 de 4

Expediente 18628/332

Código de verificación: 28E34-5432B-3CEA4-A2A3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>